



PROCEDEMENTO: PR771A PREMIO MANUEL COLMEIRO

Asunto: Proposta de resolución e resolución pola que se outorga o premio Manuel Colmeiro

ANTECEDENTES:

Primeiro. Mediante Orde do Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 23.05.2018 (publicada no DOG núm. 107, do 6 de xuño) convocouse o Premio Manuel Colmeiro na súa vixésimo primeira edición. O dito premio foi dotado cun importe de 3.500 €, segundo o establecido pola base terceira da convocatoria.

Segundo. Mediante resolución do Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 02.11.2018 nomease ao xurado do premio.

Terceiro. O prazo para a presentación de traballos ao premio iniciouse o 07.06.2018 (data de entrada en vigor da antedita orde) e rematou o 15.10.2018.

Cuarto. Con data do 19.11.2018 reúnese o referido xurado para deliberar e realizar unha proposta de adxudicación do premio.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeira. A competencia para ditar esta resolución correspóndelle á directora da Escola Galega de Administración Pública, segundo o establecido na base undécima da convocatoria.

Esta competencia atópase delegada no secretario xeral da EGAP en virtude do disposto polo apartado primeiro letra i) da Resolución do director da EGAP do 17 de decembro de 2007.

Segunda. De acordo co sinalado pola base novena da referida Orde do 23.05.2018 “o exame dos traballos presentados e, se é o caso, a proposta de adxudicación do premio corresponderalle a un xurado especial, que estará composto por cinco persoas de recoñecido prestixio no ámbito académico e da Administración pública, nomeadas polo vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Procurarase que no xurado exista unha representación equilibrada de mulleres e homes con capacitación, competencia e preparación axeitada” ao que engade no seu apartado terceiro que “a decisión do xurado terá lugar no prazo de dous meses contados desde o último día do prazo de presentación”.

O xurado do premio quedou integrado respectando as esixencias contidas na base transcrita e tomou unha decisión dentro do dito prazo de dous meses, tal e como consta nos antecedentes segundo e terceiro

Terceira. Por outra banda, a base décima da antedita orde sinala que “no proceso de avaliación, o xurado terá en conta os seguintes criterios de valoración: interese, relevancia e carácter innovador do estudo; calidade científica do traballo, rigor metodolóxico, emprego de fontes documentais e elaboración de conclusións; significación, utilidade e incidencia dos resultados achegados na teoría e/ou práctica administrativa e, por último, a corrección e claridade da expresión escrita, da exposición e da presentación xeral do traballo”.

O xurado avaliou os traballos presentados ao premio tendo en conta o sinalado pola dita base e propuxo, por unanimidade, que se concedera o premio ao traballo titulado *Las verbenas populares en Galicia: régimen de intervención municipal*.

Na documentación que obra no expediente queda acreditado que o dito traballo foi presentado por Alejandro Ramón Antelo Martínez NIF 11961159D.



PROPOSTA

En vista de todo o exposto, e en cumprimento do sinalado polo punto Oitavo, XVII, 1.2 e) da Orde do 4 de xaneiro de 2010 pola que se dá publicidade ao acordo do Consello da Xunta de Galicia do 30 de decembro de 2009 polo que, en aplicación do disposto no artigo 97.2º do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, se aproba o réxime de fiscalización limitada previa para determinados expedientes de gasto, **PROPOÑO:**

Que se adxudique o premio Manuel Colmeiro na súa vixésimo primeira edición **a Alejandro Ramón Antelo Martínez** NIF 11961159D polo traballo titulado *Las verbenas populares en Galicia: régimen de intervención municipal*.

O importe do referido premio será imputado aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2018 con cargo á aplicación orzamentaria da EGAP 05.80.122B.4800, de acordo ao documento contable "D" coa referencia 2018-05-118, índice 2.

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2018

O secretario xeral

Sergio Domingo Baamonde Boquete

RESOLUCIÓN

De acordo coa proposta do xurado do premio e logo de ver a proposta precedente, **RESOLVO:**

Adxudicar o premio Manuel Colmeiro na súa vixésimo primeira edición **a Alejandro Ramón Antelo Martínez** NIF 11961159D polo traballo titulado *Las verbenas populares en Galicia: régimen de intervención municipal*.

Esta resolución, que pon fin a vía administrativa, poderá ser impugnada en reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* de acordo co disposto polos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Asemade, cabe a interposición directa de recurso contencioso-administrativo ante os xulgados desa xurisdición que resulten competentes, no prazo de dous (2) meses contados tamén a partir do día seguinte ao da publicación deste acto no devandito boletín oficial, de acordo co disposto nos artigos 8.2 a) e 14 e 46.4, respectivamente.

Santiago de Compostela

A directora

28 DEC. 2018

P.D. (Resolución do 17.12.2007, DOG. núm. 3, do 02.01.2008)

Secretario xeral da EGAP

Sergio Domingo Baamonde Boquete

